

COMENTARIO DE TEXTO

1. Lectura atenta do documento

A lectura debe permitir a percepción do asunto xeral que se trata e a ordeación e xerarquización de ideas que contén. Débese reflexionar a partires dos coñecementos sobre a materia, de xeito que se poida ir máis aló dun simple resumo ou da repetición duns contidos á hora de facer o comentario. A reflexión debe permitir distinguir o esencial do secundario e identificar persoas, institucións ou acontecementos que poidan ser obxecto de posterior comentario.

2. Contextualización histórica do documento

Non se trata tanto de fixar unha cronoloxía, senon de integrar e comprender o documento en cuestión nun determinado momento ou proceso histórico. Isto permite medir a importancia ou transcendencia dun documento dentro do proceso no que se sitúa: antecedentes, causas, influencia ou consecuencias na evolución do proceso, os intereses ou tendencias que defende, os obxectivos que pretende. Esta contextualización debe realizarse partindo dos contidos do propio documento, e non tendo en conta unicamente o tema xeral que trata.

3. A realización escrita do comentario debe considerarse como un **exercicio de redacción**, no que os coñecementos da materia se poñan ao servizo do documento a comentar. O comentario debe amosar non só cos coñecementos do alumno/a, senon tamén a súa capacidade para utilizar os seus coñecementos na comprensión e explicación intelixente dun documento. Contexto histórico, ideas principais e secundarias, explicación de conceptos, antecedentes, relevancia histórica do documento, etc., deben estar presentes no comentario, pero non a partir da aplicación dun esquema uniforme, senon artellados dunha forma personal.

4. Pódense incorporar **críticas ou conclusións pessoais**, aínda que estas valoracións deben sustentarse no coñecemento histórico.

5. Respetar as pautas básicas que rexen a **expresión escrita**: precisión léxica, corrección da sintaxe, claridade na expresión e na exposición de ideas, corrección xeral da presentación formal, etc.

MAPAS HISTÓRICOS

Os mapas históricos son representacións do espazo nas que se informa dun determinado momento ou proceso. Debe partirse dunha clara delimitación das circunstancias históricas reflectidas no mapa. Convén fixarse na relación con momentos anteriores e posteriores: semellanzas e diferenzas, causas e consecuencias ...

TÁBOAS E DATOS ESTATÍSTICO E GRÁFICAS

Nas táboas, o primeiro traballo será interpretar os datos que aportan. Hai que considerar a diferenza entre datos absolutos e relativos (porcentaxes), e a evolución cronolóxica: cambios e continuidades, avances, crises, retrocesos..., en relación co proceso de que se trate.

As gráficas son representacións de datos estatísticos, cunha interpretación e comentario similar ao das táboas. O tipo máis común é a representación por medio de eixes de coordenadas (gráfica lineal, de barras): un eixe horizontal (abscisas) cun contido cronolóxico; e un eixe vertical (ordenadas) onde se representa a evolución das magnitudes ou cantidades que se queren analizar. O outro tipo é a gráfica circular.